



CONCELLO DE BARBADÁS

BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES E DECORACIÓN DO NADAL 2022

Artigo 1. Obxectivo

O Concello de Barbadás convoca o Concurso de Escaparates e Decoración de Nadal co obxectivo de fomentar a colaboración cidadá na ornamentación e embelecemento da vila durante a tempada de nadal 2022-2023, facendo partícipes da imaxe de Barbadás a comerciantes e a hostalaría. O concurso promoverá a creatividade e a difusión dunha boa imaxe da vila co ambiente artístico e tradicional de nadal ao gusto da veciñanza. Ademais, reforzaranse a unión do tecido económico. Establécense uns premios para as persoas gañadoras do concurso para promover a participación e o interese de posibles concursantes.

Artigo 2. Participación

Poderán participar todos os establecementos comerciais e hostaleiros do Concello de Barbadás.

Artigo 3. Valoración

O tema a desenvolver xirará en torno ao ambiente do Nadal. Haberá total liberdade en canto á técnica e estilo.

No caso dos establecementos hostaleiros que non dispoñen de escaparate, terase en conta para que poidan participar a decoración interior, exterior e das terrazas.

Para a valoración, teranse en conta os seguintes parámetros:

1) CREATIVIDADE

Valorarase segundo a capacidade de innovar o concepto tradicional do nadal, mostrando isto mediante a decoración, a innovación, o deseño e o emprego de diversos materiais (reciclados, reutilizables, ecolóxicos...).

2) ORIXINALIDADE

Valorarase a orixinalidade con aspectos que lle aporten á decoración algo especial e diferenciado.

3) APRECIACIÓN DE ELEMENTOS LOCAIS

Valorarase a través de colocación de imaxes e decoración nas que se representan elementos senlleiros de todo o Concello de Barbadás.





CONCELLO DE BARBADÁS

Artigo 4. Inscripcións

Os impresos debidamente cumprimentados presentaranse por rexistro, no Concello de Barbadás, na Oficina Municipal de A Valenzá, ou a través da Sede Electrónica dende o 25 de novembro ata o 5 de decembro de 2022 (ambos os dous incluídos).

Os impresos poderán obterse, no Concello de Barbadás, na Oficina Municipal de A Valenzá ou a través da páxina web do Concello (www.barbadas.es).

Unha vez presentada a folia de inscrición será preciso para formalizar a participación no concurso enviar unha foto do escaparate ou decoración interior, no seu caso, a dirección de correo electrónico cet@barbadas.es ata o día 5 de decembro de 2022 (incluído).

Artigo 5. Premios

Establecense os seguintes premios:

Premios do xurado:

1º premio escaparate de establecemento comercial de 300€.

2º premio escaparate de establecemento comercial de 200€.

1º premio escaparate de establecemento de hostalería de 300€.

2º premio escaparate de establecemento de hostalería de 200€.

Premios da votación telemática:

1º premio escaparate de establecemento comercial de 300€.

2º premio escaparate de establecemento comercial de 200€.

1º premio escaparate de establecemento de hostalería de 300€.

2º premio escaparate de establecemento de hostalería de 200€.

Artigo 6. Órgano avaliador

Premios do xurado:





CONCELLO DE BARBADÁS

A Asociación Centro Comercial Aberto da Valenzá nomeará tres representantes que visitarán os establecementos participantes e valorarán conforme aos criterios expostos nestas bases.

Premios da votación telemática:

Na web do Concello (www.barbadas.es) habilitarase un formulario onde as persoas interesadas poderán votar telemáticamente, entre os días 9 e 19 de decembro de 2022.

Unha vez se coñezan os gañadores do concurso, comunicaráselle formalmente e ademáis publicarase na web do Concello (www.barbadas.es).

Artigo 7. Criterios de adxudicación dos premios

Os premios serán adxudicados por orde aos participantes que obtivesen máis votos telemáticos.

Artigo 8. Entrega de premios

O día 22 de decembro coñeceranse os gañadores e farase entrega dos premios.

Farase unha transferencia bancaria no prazo de un mes a contar dende o día 23 de decembro.

A participación no concurso suporá o cumprimento e a aceptación das presentes bases.

O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento.

